



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DA PAC (POLÍTICA AGRARIA COMÚN) EN GALICIA HORIZONTE 2030, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

En Santiago de Compostela, a 21 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a **Consellería do Medio Rural** (en adiante, a Consellería), e no seu nome e representación, D. Jose González Vázquez, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 99/2018 do 26 de setembro polo que se nomea Conselleiro do Medio Rural, e de conformidade co artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, a **Universidade de Santiago de Compostela** (en adiante, a USC), con CIF Q1518001A, e sede en Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da USC, segundo Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG 5/06/2018), con poderes suficientes para celebrar este acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro (BOE do 24/12/2001), e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro; D.O.G. nº 29, de 12 de febreiro de 2014).


Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que á Consellería do Medio Rural correspóndelle propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo



R



Xacobeo 2021

co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Entre outras funcións establecidas no artigo 17 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, correspóndelle a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, así como a formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro. No mesmo sentido, tamén lle corresponde a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias, a ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación.

SEGUNDO.- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, sendo o desenvolvemento sustentable de Galicia un dos obxectivos aos que tales actividades se deben.

Son funcións da USC a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social, así como o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta.

A USC conta cun Plan Estratéxico 2011_2020 que inclúe, entre outros obxectivos, incrementar o seu compromiso coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna, non só para contribuír ao seu desenvolvemento socio-económico, senón tamén como fórmula de progreso social, reforzando as relacións entre o persoal investigador e o contorno e, establecer acordos de colaboración en sectores de relevancia social e acadar así o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural.

O Campus Terra en Lugo é o Campus de especialización da USC centrado e comprometido cos ámbitos de actuación do sector primario e do entorno rural, estando presente na formulación de estratexias, programas, plans e regulacións concernentes ao ámbito rural en distintos eidos (medioambiental, desenvolvemento rural, ordenación territorial e xestión de terras, etc.), así como á súa posta en funcionamento, seguimento e avaliación.



A USC é a única entidade española implicada na xestión do Service point da European Innovation Partnership 'Sustainable and productive agriculture', estrutura que busca conectar políticas e recursos a nivel da UE, nacional, rexional e local para acelerar el desenvolvemento de solucións e, en consecuencia, cun elevado valor consultivo para a na nova reforma da PAC

Ademais, a USC pertence á rede europea de Formación de Asesores Rurais EUFRAS, sendo tamén a única entidade acreditada en España para proporcionar o certificado CECRA e foi unha das principais impulsoras do Polo de Innovación Dixital Agroalimentario de Galicia e vén de constituír a Agrupación Estratéxica BioRedes, única agregación de capacidades científico-técnicas en Galicia especializada na investigación e innovación a carón do sector agrario, e que aglutina máis de 100 investigadores cunha forte conexión co ámbito rural en termos de xeración de innovación, prestación de servizos e transferencia de coñecementos aos distintos actores públicos e privados.

TERCEIRO.- Que a Comisión Europea presentou, en xuño do 2018, as propostas legislativas para a nova Política Agraria Común (en adiante PAC) que deberá aplicarse no período 2021-2027 que prevén que cada Estado membro debe elaborar un Plan Estratéxico Nacional da PAC que, partindo dun diagnóstico sobre a situación e necesidades do sector agrario e o medio rural, defina as estratexias e accións a aplicar.

Segundo se recolle nas propostas legislativas, actualmente a debate nas institucións da UE, o citado Plan Estratéxico deberá basearse en exercicios reais de reflexión nos que se defina o futuro da agricultura e do medio rural en cada territorio, deseñando a partir diso a forma en que se van aplicar os diversos instrumentos da PAC e tamén, no seu caso, outras políticas comunitarias, nacionais e rexionais.

CUARTO.- O artigo 59 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, do Parlamento Europeo e do Consello e o 51.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, dispón que o Feader poderá apoiar accións de preparación, xestión, seguimento, avaliación de comunicación, creación de redes, resolución de reclamacións, control e auditoría. As accións financiadas poderán corresponder a períodos de programación previos e posteriores. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2020 prevé este tipo de actuacións na medida 20 Asistencia Técnica, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015.



QUINTO.- Que a Consellería vén de crear un grupo interno de traballo para efectuar a análise e diagnose da situación actual do medio rural galego e en particular do sector agrario, identificar e priorizar as súas principais necesidades e, sobre esa base, participar activamente nas diferentes fases do proceso de elaboración do Plan Estratéxico Nacional da PAC, que en España está coordinando o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA).

SEXTO.- Que a Consellería, xunto coa USC pretende crear un Grupo de Traballo multidisciplinar co obxectivo de deseñar unha estratexia de intervención a dez anos, o Plan Estratéxico da PAC para Galicia Horizonte 2030, que ao mesmo tempo fundamente a contribución de Galicia ao Plan Estratéxico Nacional.

O Grupo de Traballo estará formado por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural e persoal da USC de contrastada experiencia e que representan aos distintos departamentos con competencias nos ámbitos relativos aos 9 obxectivos da PAC para o próximo período 2021_2027 que se contempla o borrador de Regulamento comunitario.

SÉTIMO.- Que o marco de colaboración entre ambas institucións persegue o obxectivo común de contribuír ao desenvolvemento socio-económico de Galicia, a través da formulación de estratexias, programas, plans e regulacións concernentes ao ámbito rural en distintos eidos.


Así que, sendo patente o a vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan a subscrición do presente Convenio, que se levará a cabo de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerá polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro) , no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por





resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

SEGUNDA.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é regular o marco de colaboración entre as institucións asinantes para contribuír a ao desenvolvemento socio-económico de Galicia, a través da elaboración do Plan Estratéxico da PAC para Galicia Horizonte 2030.

As actuacións comprendidas dentro do marco de colaboración deste convenio están dirixidas a realizar un traballo conxunto entre ambas institucións de cara a coñecer a situación de contexto do rural galego, elaborar unha análise DAFO, unha avaliación das necesidades e propor unha estratexia de intervención no medio rural galego.

TERCEIRA.- Compromisos das partes

O marco de colaboración estará constituído polo Grupo de Traballo multidisciplinar formado por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural e persoal da USC, dos distintos departamentos que se relacionan no Anexo I deste convenio.

Para a organización do traballo estableceranse 5 subgrupos que agrupan os ámbitos relativos aos 9 obxectivos da PAC para o próximo período 2021_2027.

Para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio, o Grupo de Traballo asumirá o compromiso de executar as actividades citadas na cláusula anterior coa organización dos traballos especificada no Anexo II deste convenio.

As actividades a realizar especificamente por parte da Consellería do Medio Rural son:

- Exercer a dirección e a coordinación do Grupo de Traballo que se estableza entre a Consellería do Medio Rural e a USC.
- Subministrar á USC a información dispoñible necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos.
- Definir os obxectivos específicos, compoñentes e liñas de actuación principais da estratexia de intervención no marco da proposta de Regulamento da nova PAC.

- Colaborar no financiamento do custo das actividades a desenvolver obxecto deste convenio a través das achegas establecidas na cláusula cuarta.

As actividades a realizar especificamente por parte da Universidade de Compostela son:

- Colaborar coa Consellería do Medio Rural na dirección e coordinación do Grupo de Traballo.
- Subministrar á Consellería do Medio Rural a información dispoñible necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos.
- Colaborar no deseño da estratexia de intervención por parte da Consellería do Medio Rural.
- Asumir parte dos custos das actividades a desenvolver no presente convenio.
- Xustificación diante da Consellería do Medio Rural dos gastos incorridos na execución dos traballos na forma que se indica na cláusula quinta.

Con carácter xeral, as partes obríganse a cumprir cantas disposicións comunitarias e nacionais lle resulten aplicables derivadas da natureza dos fondos Feader que cofinancian as actuacións previstas neste convenio, así como a permitir e facilitar as auditorías e comprobacións necesarias para verificar o cumprimento da normativa aplicable.

A execución das actividades obxecto do convenio está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis dos fondos cofinanciados polo Feader, en concreto, o Regulamento de Execución (UE) 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e o Regulamento de Execución (UE) 2017/1242 da Comisión, de 10 de xullo de 2017, que modifica o Regulamento de Execución (UE) 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

As partes comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen pola Autoridade de xestión do PDR. Igualmente aceptan someterse aos controis



que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Consello de Contas, Tribunal de Contas e demais órganos nacionais ou comunitarios que teñan encomendada a fiscalización e control das axudas cofinanciadas polo Feader.

CUARTA .- Orzamento e financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de DOUS CENTOS OITENTA E SETE MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS (287.769 €), dentro dos que se atopan os VINTE E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E SETE EUROS (28.777 €) nos que se valoran as actuacións a realizar pola USC, así como os DOUS CENTOS CINCUENTA E OITO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS (258.992 €) que serán sufragados pola Consellería do Medio Rural.

O orzamento anterior farase efectivo como segue:

A Consellería do Medio Rural, co fin de facilitar a execución conxunta das accións compensará a USC ata un máximo de DOUS CENTOS CINCUENTA E OITO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS EUROS (258.992 €), polos gastos nos que incorra.

Estes gastos financiaranse con cargo á medida 20 Asistencia Técnica do PDR 2014-2020, cofinanciada no 75% polo Feader, 7,5% MAPA e 17,5% Xunta de Galicia, aplicación orzamentaria 14.01.711A.640.2 Proxecto 2016-00184 e desagregase nas seguintes anualidades.

ORGANISMO	2019	2020	TOTAL
Consellería do Medio Rural Aplicación orzamentaria 14.01.711A.640.2 Código de proxecto: 2016-00184	51.798 €	207.194 €	258.992 €

Así mesmo, as USC realizará unha aportación valorada en 28.777 € para financiar as actuacións deste convenio.

ORGANISMO	2019	2020	TOTAL
Universidade de Santiago de Compostela	5.756 €	23.021 €	28.777 €



A Consellería do Medio Rural, fará efectiva as súas achegas logo da correspondente xustificación segundo se establece na cláusula seguinte, e previa presentación por parte da USC das facturas, recibos, honorarios, nóminas e seguros sociais, dietas e gastos de viaxe que se correspondan cos gastos incorridos para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio, tras ser validadas polos servizos técnicos da Secretaría Xeral Técnica (Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos).

QUINTA.- Xustificación e pagamento

A Consellería do Medio Rural aboará o importe previsto á USC logo da xustificación do mesmo mediante presentación de:

- Documentos que recollan as actividades realizadas no período de xustificación.
- Informe das actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Xustificantes de gasto (nóminas, seguros sociais, dietas e gastos de viaxe do persoal propio da USC que participe nas actividades previstas no convenio, así como no seu caso, facturas ou recibos de honorarios de persoal externo que participe no desenvolvemento das actividades, así como facturas derivadas das actividades e reunións co grupo externo) polas accións realizadas. A data de inicio da elixibilidade dos gastos será a partires da sinatura do presente convenio.
- Xustificante de pago dos gastos anteriores.

A data límite de xustificación será o 5 de decembro de 2019 para a anualidade correspondente ao exercicio 2019, e o 30 de novembro de 2020 para a anualidade correspondente ao exercicio 2020. Os custos devengados a partir do 1 de decembro de 2019, serán imputados á anualidade do 2020.

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería do Medio Rural en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.





SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e das actividades desenvolvidas na súa execución, así como para propoñer solucións a calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das entidades.

Logo da sinatura do presente convenio a Comisión de Seguimento establecerá o Plan de traballo.

Por parte da USC estará integrada pola Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo e o coordinador do equipo técnico Prof. Edelmiro López Iglesias, ou persoas en quen deleguen, e por parte da Consellería de Medio Rural pola Secretaría Xeral Técnica e o coordinador do equipo técnico da Consellería, ou persoas en quen deleguen.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta Comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na sección terceira do capítulo I da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2020, podendo prorrogarse por un ano máis, ata o 31 de outubro de 2021, por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).





En todas as actividades e resultados vinculados á execución do presente convenio deberá cumprirse coa normativa que, en materia de publicidade, recolle o Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, así como ao disposto na “Estratexia de información e publicidade” do PDR 2014-2020 de Galicia.

NOVENA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con un mes de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados

8





das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

UNDÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Consellería do Medio Rural, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Confidencialidade

Toda a información necesaria para a realización das actuacións subministrada por calquera das partes manterase en confidencialidade e evitase a súa revelación, a excepción das persoas autorizadas. En calquera caso, previamente, conseguirase de ditas persoas un compromiso co fin de manter o segredo e exercer todos os esforzos razoables para reforzar tal compromiso.

A información subministrada utilizarase exclusivamente para as tarefas previstas no marco do traballo definido no presente convenio.



Os parágrafos anteriores non se aplicarán para a información que a parte destinataria coñecese antes de serlle revelada pola outra parte, nin para aquela de dominio público. Tampouco para a información que fose revelada á parte destinataria por un terceiro que non tiña ningún compromiso ou obriga de segredo ou confidencialidade, nin para a que se faga dispoñible para a parte destinataria por observación directa en campo.

DÉCIMO CUARTA .- Propiedade intelectual e industrial

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Consellería do Medio Rural e a USC.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia e a UE e os logotipos da UE, da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural.


Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a USC poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización dos traballos en actividades propias da súa función investigadora.

No caso de que se obtivese, como consecuencia da execución pola USC do traballo obxecto do presente convenio, un resultado que poida ser obxecto de explotación, a titularidade dos dereitos corresponderá á Consellería do Medio Rural, aparecendo como inventores e/ou autores, os investigadores da USC e a consellería.

A explotación destes resultados corresponderalle á Consellería e, a cambio, esta comprométese a establecer coa USC algún acordo no cal se recoñeza a súa participación nestes resultados. A USC reterá unha licenza non exclusiva, non transmisíble e gratuíta para o uso destes resultados para fins de investigación e docencia. Esta cláusula entrará en vigor despois da resolución do presente convenio.

R





DÉCIMO QUINTA .- Xurisdición

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asínase por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados.

A Consellería do Medio Rural

Universidade de Santiago de Compostela

O Conselleiro

O Reitor

Jose González Vázquez


Antonio López Díaz



ANEXO I

COMPOSICIÓN DO GRUPO DE TRABAJO

SUBGRUPO	CMR	USC
Subgrupo I. Renda das explotacións agrarias e cadea agro alimentaria	- SX de Xestión da PAC (FOGGA) - (AGACAL) Área de calidade alimentaria - SX Industrias e Calidade Alimentaria)	- Departamento de Economía Aplicada
Subgrupo II. Competitividade, innovación e dixitalización	- SX de Explotacións Agrarias - (AGACAL) Área de formación, innovación e investigación agraria	- Departamento de Economía Aplicada - Departamento de Economía Cuantitativa
Subgrupo III. Medio ambiente e clima	- SX de Recursos Forestais - SX de Xestión da PAC (FOGGA) - SX de Prevención - SX de Infraestruturas Agrarias	- Departamento de Economía Aplicada - Departamento de Enxeñería Agroforestal - Departamento de Fundamentos da Análise Económica
Subgrupo IV. Renovación xeneracional, xénero, emprendemento e desenvolvemento rural	- SX de Explotacións Agrarias - AGADER - SX de Recursos Forestais - SX de Infraestruturas Agrarias	- Departamento de Economía Aplicada - Departamento de Enxeñería Agroforestal
Subgrupo V. Alimentación e saúde	- (AGACAL) Área de calidade alimentaria - SX Industrias e Calidade Alimentaria - SX Gandaría	- Departamento de Fundamentos da Análise Económica - Departamento de Patoloxía Animal
Coordinación	- SX Planificación e Coordinación de Fondos	- Departamento de Economía Aplicada



ANEXO II

ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Estruturación temática

A organización das actuacións a levar a cabo no ámbito deste convenio tomará como referencia os 9 obxectivos específicos e o obxectivo transversal da PAC 2021-2027. Constituiranse cinco subgrupos de traballo do seguinte xeito:

Subgrupo de traballo I. Renda das explotacións agrarias e cadea agro alimentaria

Este grupo ocuparase da viabilidade económica das explotacións agrarias desde unha perspectiva integral (incluíndo a remuneración procedente do mercado e os apoios da PAC).

Obxectivos da PAC abordados

- 1) Apoiar unha renda viable e a resiliencia das explotacións agrarias en todo o territorio da UE para mellorar a seguridade alimentaria
- 3) Mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor

Subgrupo de traballo II. Competitividade, innovación e dixitalización

Centrado nos sistemas de coñecemento e innovación da agricultura para a competitividade e a sensibilidade. Inclúe as achegas aos requirimentos establecidos polo artigo 102 da proposta de Regulamento.

Obxectivos da PAC abordados:

- 2) Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade, en particular facendo maior fincapé na investigación, a tecnoloxía e a dixitalización

Obxectivo transversal común: Modernizar o sector agrario a través do fomento e a posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrarias e rurais, promovendo a súa adopción

Subgrupo de traballo III. Medio ambiente e clima



Obxectivos da PAC abordados:

4) Contribuír á atenuación do cambio climático e á adaptación aos seus efectos, así como á enerxía sostible

5) Promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente de recursos naturais tales como a auga, o solo e o aire

Subgrupo de traballo IV Renovación xeneracional, xénero, emprendemento e desenvolvemento rural

Encargado de abordar todo o relativo á revitalización e desenvolvemento integral das áreas rurais, con especial énfase no relevo xeneracional e na creación de emprego.

Obxectivos da PAC abordados:

7) Atraer os agricultores mozos e facilitar o desenvolvemento empresarial nas zonas rurais

8) Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sostible


Subgrupo de traballo V. Alimentación e saúde

Obxectivo da PAC abordado:

9) Mellorar a resposta da agricultura da UE ás esixencias sociais en materia de alimentación e saúde, en particular en relación cuns produtos alimenticios seguros, nutritivos e sostibles, así como no relativo ao despilfarro de alimentos e o benestar dos animais.

Complementariamente, a organización dos traballos debe facerse compatible coa atención específica a certos sectores e temas de especial relevancia en Galicia. Neste sentido, integraranse en concreto as iniciativas de carácter estratéxico que está impulsando a Consellería do Medio Rural, entre as que cabe mencionar:

- Ordenación e mobilización produtiva das terras agroforestais
- Plan estratéxico para o sector lácteo
- Plan forestal





- Plan de dinamización das DO vitivinícolas
- Plan estratéxico galego de Agricultura Ecolóxica

2. Organización dos equipos de traballo

- i. Dirección e coordinación técnica do equipo. Encargarase da coordinación e apoio transversal aos diferentes grupos de traballo.
- ii. Subgrupos de traballo

Constituiranse cinco subgrupos de traballo (segundo a relación que figura máis atrás), coa seguinte composición:

- Responsable/s: un ou dous expertos na materia, encargados de liderar o subgrupo de traballo, coordinar a recompilación e análise da información, integrar as diferentes achegas e elaborar os documentos resultantes.
- Para cada subgrupo de traballo poderá contarse ademais con outros expertos, tanto da USC como doutras institucións, en función das tarefas a realizar.

R

